



Concello de Vigo
Expte. 3778/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 5/2023

SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE MARZO DE 2023

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** ordinaria do 22 de febreiro e extraordinaria do 21 de marzo de 2023.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta da Resolución pola que se aproba o Marco Orzamentario para o ano 2024-2026. Expte. 247/143 (Expte. Pleno 3752/1101).
- 3.** Actualización do apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023. Expte. 2979/500. (Expte. Pleno 3771/1101).

Mocións:

- 4.** Moción do concelleiro membro non adscrito de medidas urxentes fronte ao grave problema da vivenda en Vigo. Expte. Pleno 3783/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que reverta de forma inmediata á cidade de Vigo a débeda contraída e derivada pola non execución dos investimentos e gastos por parte dos gobernos do PP da Xunta de Galicia. Expte. Pleno 3786/1101.



6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á creación de polo menos, dúas novas escolas infantís na cidade, así como o financiamento do custe do servizo da atención educativa e comedor das escolas municipais. Expte. Pleno 3787/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia e aos seus cargos políticos que desenvolveron unha campaña contra o Nadal de Vigo de 2022, a desculpase publicamente con esta cidade. Expte. 3788/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cooperar economicamente coas obras de ampliación da Potabilizadora do Casal e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3789/1101.

PARTE DE CONTROL

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 1403/1102 (Expte. Pleno 3780/1101)
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 1404/1102 (Expte. Pleno 3779/1101)

Mocións.

11. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando auditar as instalacións, aclarar as circunstancias das mortes de animais no VigoZoo e transformalo nun parque educativo e de lecer para a infancia e a mocidade. Expte. Pleno 3782/1101.
12. Moción do grupo municipal Mixto solicitando a creación dun observatorio da contratación no Concello de Vigo. Expte. Pleno 3784/1101.
13. **Formulación de rogos.**
14. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
 Egerique Mosquera Teresa
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 2 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Espinosa Mangana Elena
 Estévez Rodríguez Pablo Luis
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Caballero Álvarez Abél Ramón, Alcalde-Presidente (grupo municipal Socialista)
 Silva Rego M^a Carmen, 1^a Tenente de Alcalde (grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de marzo do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do 1^a Tenente de Alcalde, D. Javier Partdo Espiñeira (por ausencia xustificada do seu titular), e a asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(44). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 22 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIA DO 21 DE MARZO DE 2023.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 22 de febreiro e extraordinaria do 21 de marzo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 3 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(45). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O MARCO ORZAMENTARIO PARA O ANO 2024-2026. EXPTE. 247/143 (EXPTE. PLENO 3752/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta da Resolución da Alcaldía, de data 7 de marzo de 2023, que di o que segue,

“Visto o informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria e do Sr. Interventor Xeral Municipal, esta Concellaría, en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e Facenda por Resolución de 18 e 26 de xuño de 2019 (texto refundido de 04/09/2020), fai a proposta de aprobación do Marco Orzamentario de medio prazo.

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación do Marco Orzamentario de Medio prazo para o período 2024-2026.

SEGUNDO. Pola Intervención e polo Director superior contable e orzamentario, emitíuse informe ao respecto con suxeición ao contido do previsto no artigo 29 da Lei 2/2012, de 27 de abril e artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

Lexislación aplicable

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011.

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Marco orzamentario está previsto para o período 2024-2026, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2022 e a previsión da liquidación do ano 2023.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, con fundamento nas variacións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 4 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tendencias contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAFP e que terán que ser remitidos antes do día 15/03/2023.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2024 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta de Resolución:

Proposta de Resolución

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo do Grupo consolidado Concello de Vigo, conformado por: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións dependentes: MARCO e CONVENTION BUREAU , para o período 2024-2026 que servirá de base para a elaboración dos Orzamentos futuros cuxos datos figuran detallados no informe técnico, que en síntese son os seguintes:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO CONSOLIDADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2023 E MARCO ORZAMENTARIO 2024-2026.

Non se incorpora o detalle por cada ente do perímetro de consolidación, por estar este reflectido nos documentos e informe que figuran no expediente.

CONSOLIDADO DE GASTOS

Capítulo	2023		%	Estimado	PREVISIÓN. Creditos iniciais		
	Créd. iniciais	Créd. definitivos			Obl.Recoñecidas	2024	2025
1	80.716.743,30	81.191.251,31		73.412.365,26	82.331.078,17	83.977.699,73	85.657.253,72
2	153.257.623,91	173.799.401,30		159.840.206,29	154.784.360,71	156.326.247,60	157.889.510,07
3	56.780,00	56.780,00		54.003,50	57.057,65	57.336,69	57.617,12
4	27.881.353,09	34.312.877,96	95,00%	32.670.164,24	27.997.953,09	28.114.553,09	28.231.153,09
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
G. Corrente NF	262.512.500,30	289.960.310,57		265.976.739,29	265.770.449,62	269.075.837,10	272.435.534,01
6	28.977.301,70	109.792.370,51		65.101.555,06	19.793.252,72	19.874.626,65	19.954.578,77
7	739.444,00	5.023.910,25		1.698.066,19	739.444,00	739.444,00	739.444,00
G. capital NF	29.716.745,70	114.816.280,76		66.799.621,25	20.532.696,72	20.614.070,65	20.694.022,77
G. Non Financ.	292.229.246,00	404.776.591,33		332.776.360,54	286.303.146,34	289.689.907,75	293.129.556,78
8	532.000,00	532.000,00		395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	292.761.246,00	405.308.591,33		333.172.160,54	286.835.146,34	290.221.907,75	293.661.556,78



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 5 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSOLIDADO DE INGRESOS

Capítulo	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado	PREVISIÓN. Créditos iniciais		
				Der. Rcoñecidos	2024	2025	2026
1	112.173.330,00	112.173.330,00	100,00%	112.173.330,00	113.295.063,30	114.428.013,93	115.572.294,07
2	10.615.870,00	10.615.870,00	100,00%	11.146.663,50	10.722.028,70	10.829.248,99	10.937.541,48
3	42.795.321,32	42.795.321,32	105,00%	44.837.020,84	43.437.938,22	44.087.154,33	44.535.997,23
4	98.936.728,81	106.194.982,20	98,00%	114.606.788,70	107.100.191,90	108.289.710,93	110.030.707,46
5	2.936.252,62	2.936.252,62	100,00%	2.936.252,62	2.994.957,67	3.039.867,04	3.100.644,38
I. Corrente NF	267.457.502,75	274.715.756,14		285.700.055,66	277.550.179,79	280.673.995,22	284.177.184,62
6	,00	,00		,00	,00	,00	,00
7	18.300.838,25	18.319.493,75	80,00%	17.890.216,20	8.752.966,54	9.015.912,53	8.952.372,16
I. capital NF	18.300.838,25	18.319.493,75	97,66%	17.890.216,20	8.752.966,54	9.015.912,53	8.952.372,16
Total I. NF	285.758.341,00	293.035.249,89	103,60%	303.590.271,86	286.303.146,33	289.689.907,75	293.129.556,78
8	532.000,00	112.273.341,44	75,00%	395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	286.290.341,00	405.308.591,33	75,00%	303.986.071,86	286.835.146,33	290.221.907,75	293.661.556,78

AXUSTES CONSOLIDACIÓN

Axustes de Consolidación	
XMU	5.829.965,00
MARCO	725.000,00
CB	200.000,00

AXUSTES RECADACIÓN

Axustes DRN por Recadación	
1	-1.889.059,19
2	51.559,31
3	-2.439.082,93
	-4.276.582,81

AXUSTE POLAS ENTREGAS A CONTA DA CESIÓN IMPOSTOS E FCF

Axustes polo FCF e a Cesión, NETO			Axust.CL
Mes	CN	CL	
Decemb.2022	6.308.581,42	,00	-6.308.581,42
Xaneiro01/01/2023	,00	6.308.581,42	
Decemb.2023	8.166.862,55	,00	8.166.862,55
Axuste			1.858.281,13

Desagregación por impostos segundo requirimento, capítulos 1 e 2, coa cesión de tributos (IRPF, IVE e II.EE) aparte, así como no capítulo 4, separación do FCC do resto das transferencias e subvencións.



Concepto		2023	2024	2025	2026
IBI	68.801.000,00	68.801.000,00	69.489.010,00	70.183.900,10	70.885.739,10
BICI	2.500.000,00	2.500.000,00	2.525.000,00	2.550.250,00	2.575.752,50
IAE	12.531.000,00	13.784.100,00	13.253.220,00	13.385.752,20	13.519.609,72
IVTM	14.900.000,00	14.900.000,00	15.049.000,00	15.199.490,00	15.351.484,90
IIVTNU	5.400.000,00	4.728.693,50	4.908.600,00	4.957.686,00	5.007.262,86
ICIO	2.750.000,00	2.750.000,00	2.777.500,00	2.805.275,00	2.833.327,75
irpf+ive+iiee	15.856.200,00	15.856.200,00	16.014.762,00	16.174.909,62	16.336.658,72
FCF+Liq/20218490532902	84.905.529,61	84.905.529,61	86.179.112,55	87.471.799,24	88.346.517,23

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado)

Capítulos	D.Axustados	Obrigas	Sperávit/déficit			
1	110.284.270,81	73.412.365,26				
2	11.198.222,81	159.840.206,29				
3	42.397.937,91	54.003,50				
4	114.606.788,70	32.670.164,24				
5	2.936.252,62	0,00				
O.correntes N.F	281.423.472,85	265.976.739,29	15.446.733,55	11.779.730,18	11.598.158,11	11.741.650,61
6	0,00	65.101.555,06				
7	17.890.216,20	1.698.066,19				
Op. Capital N.F	17.890.216,20	66.799.621,25	-48.909.405,04	-11.779.730,18	-11.598.158,12	-11.741.650,61
O.N.financieiras	299.313.689,05	332.776.360,54	-33.462.671,49	0,00	0,00	0,00
	Axuste CN, liquidación 2020		,00			
	Axuste CN, PTE		1.858.281,13			
	Necesidade de financiamento		-31.604.390,36			

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Grupo Concello de Vigo conformado pola Entidade, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU ao Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto (oficina virtual).

TERCEIRO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión na oficina virtual antes das 24 horas do día 15 de marzo de 2023.

CUARTO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Con data 22 de marzo do 2023, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.



O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución pola que se aproba o Marco Orzamentario para o ano 2024-2026..

3.(46). ACTUALIZACIÓN DO APARTADO 2º DO ACORDO PLENARIO DO 27 DE XANEIRO DE 1998 SOBRE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE O PORRIÑO NOS CUSTOS DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DE CAPTACIÓN DE AUGA DO ENCORO DE EIRAS E CANLE ATA O PUNTO DE ENTREGA, A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2023. EXPTE. 2979/500. (EXPTE. PLENO 3771/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de marzo de 2023, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- No ano 1962, o Ministerio de Obras Públicas, mediante Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas do 31/7/1962 (publicada no BOE número 197 do 17/8/1962) autorizou ao Concello de Vigo para o aproveitamento das augas do Río Oitavén, mediante a creación dun encoro regulador duns seis millóns de metros cúbicos nas proximidades do lugar de Eiras, con destino á ampliación do abastecemento de auga á cidade.

Tal concesión outorgouse a perpetuidade e tiña unicamente como beneficiario da autorización ao Concello de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo xestionou, realizou o mantemento e explotou pacífica, pública e ininterrompidamente dito encoro como parte do servizo público municipal de augas do Concello, dende a construción do encoro e das conducións complementarias realizadas para a derivación de augas do río Oitavén con destino ao abastecemento da cidade de Vigo (sobre o ano 73).

Nun principio esta xestión foi directa, a través dun servizo municipalizado de abastecemento e saneamento, posteriormente a través dunha empresa municipal de augas (EMAVISA), e actualmente a xestión é indirecta, logo do correspondente contrato administrativo de xestión de servizos públicos, mediante a modalidade de concesión.

Este contrato de xestión integral dos servizos de abastecemento e saneamento de augas mediante a modalidade de concesión adxudicouse primeiramente, mediante acordos plenarios de 25 de outubro e 21 de decembro de 1990 á UTE SERAGUA-FOCSA (actualmente coa denominación AQUALIA-FCC UTE VIGO), conforme ao prego de condicións aprobado polo Pleno en sesións do 7 de maio, 5 de xullo e 25 de outubro de 1990. O contrato formalizouse o 8 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- O obxecto do vixente contrato é a xestión integral do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, así como a achega dos investimentos necesarios para a construción das instalacións que resulten



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 8 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

necesarias (cláusula 1ª do PCAP e do documento de formalización do contrato). Así e en aplicación desta cláusula, a concesionaria veu desenvolvendo o seu plan de investimentos, que incluía o Proxecto PIC-0291 “Nova canle de Eiras. Tramo: Presa-Sifón Os Valos”, investimento de reposición (polas fugas que se producían na canle). A execución desta infraestrutura resultou e resulta imprescindible para materializar a derivación da auga do Río Oitavén ao Concello de O Porriño.

Cuarto.- Esta obra de reposición realizouse no marco de desenvolvemento do plan de investimentos da concesionaria, financiado polo Concello de Vigo ao longo do período concesional, sen que o Concello de O Porriño desembolsase financiación ningunha.

Quinto.- Unha vez realizados os investimentos pola concesionaria municipal e en aras dunha asignación proporcional de custes, previa negociación co Concello de O Porriño, o Pleno municipal adoptou un acordo na súa sesión do 27 de xaneiro de 1998, cun dobre contido: 1) fixación da tarifa esixible pola subministración de auga aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e 2) determinación da cifra esixible ao Concello de O Porriño polos seguintes conceptos: a) recuperación do investimento, b) vixilancia do Encoro de Eiras e c) mantemento e conservación da canle, co seguinte teor literal:

“Declarar esixible ó Concello do Porriño, con efectos do 1 de xaneiro de 1998, as cantidades que a continuación se indican, en concepto de participación nos custos da Canle e Encoro de Eiras, como consecuencia da explotación da concesión administrativa compartida co Concello de Vigo:

- *Recuperación do investimento 7,20 pts./m3
(A dita recuperación facturarase con carácter bimensual, de acordo co volume facturado -procedente de Eiras- no ano inmediato anterior ou, no seu defecto, no último no que se dispoña de información).*

- *Vixilancia do Encoro de Eiras (96) 3.817.409 pts.*

(A referida cantidade será prorratable, con carácter bimestral e actualizarase de conformidade cos aumentos que reflecta o convenio colectivo do exercicio inmediato precedente)

- *Mantemento e conservación da canle 3.297.500 pts.*

(Esta cifra será prorratable con carácter bimestral e de conformidade coas variacións que experimente o IPC)”

O anterior acordo plenario foi notificado en tempo e forma ao Concello de O Porriño o 27/02/1998, que o deixou firme e consentido, ao non telo recorrido perante a xurisdición contencioso-administrativa. E pese a ser impugnado por outro Concello, foi confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza do Galicia nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 8068/1998 (demandante: Concello de Cangas).

Sexto.- En virtude do anterior acordo, o Concello de Vigo ven esixindo bimensualmente ao Concello de O Porriño as correspondentes liquidacións por este ingreso de dereito público de natureza non tributaria. Cómpre indicar que as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 9 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contías a satisfacer en concepto de Vixiancia do Encoro de Eiras e de Mantemento e conservación da canle nunca foron obxecto de actualización.

Ainda que o Concello de O Porriño, no exercicio 2012, abonou sete facturas por importe total de 139.391,47€, dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais, a partir do exercicio 2013, comenzou a recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa as liquidacións bimensuais, sen ingreso das cantidades liquidadas.

Ata o día da data, todas as sentenzas recaídas en relación coas liquidacións bimensuais foron desfavorables ao Concello de O Porriño. Así, os recursos contencioso-administrativos nos que actuou como demandante o Concello de O Porriño foron os seguintes:

- Procedemento Ordinario 180/2013, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (bimestre novembro-décembro 2012): recaeu sentenza estimatoria nº 161/2014, do 4 de setembro, revogada por Sentenza nº 46/2015, do 4 de febreiro de 2015, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación 15057/2014)

- Procedemento Ordinario 299/2013, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestres maio-xuño 2013 e xullo-agosto 2013): recaeu en primeira instancia sentenza desestimatoria nº 250/2014, do 24 de novembro, confirmada en apelación pola Sentenza nº 636/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4071/2015).

- Procedemento Ordinario 58/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre setembro-outubro 2013): recaeu en primeira instancia sentenza desestimatoria nº 249/14, de 24 de novembro, confirmada en apelación pola Sentenza 637/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4070/2015).

- Procedemento Ordinario 363/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre maio-xuño 2014): mediante Decreto 15/2018, do 25 de xuño, declarouse a caducidade do proceso.

- Procedemento Ordinario 456/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre xullo-agosto 2014): mediante Decreto 14/2018, do 20 de xuño, declarouse a caducidade do proceso.

- Procedemento Ordinario 50/2015, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre setembro-outubro 2014): mediante Decreto 18/2018, de 10 de xullo, declarouse a caducidade do proceso.

Sétimo.- Con posterioridade á recaída das sentenzas desestimatorias das súas pretensións, o Concello de O Porriño en data 12/03/2015, presentou solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, que ven de ser inadmitida por acordo plenario do 28 de decembro de 2022 (expediente 1492/441).

Oitavo.- En data 3 de xaneiro do 2023, o Concelleiro-Delegado de Orzamentos e Facenda ordea a incoación do presente expediente, nos seguintes termos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 10 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“O acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998 fixaba a participación do Concello do Porriño nos custos da Canle e Encoro de Eiras con fundamento en tres parámetros: recuperación do investimento da Canle de Eiras- Tramo PIC 0291 (amortización), vixilancia do Encoro de Eiras e mantemento e conservación da Canle.

Toda vez que a Canle de Eiras estaría plenamente amortizada a 31/12/2022, procede a instrución de expediente no que se calcule e aprobe a achega que deberá realizar o Concello de Porriño a partir do 1 de xaneiro de 2023 con fundamento nos custes efectivos actuais”.

Noveno.- En data 18/01/2023 deuse traslado das actuacións do expediente ao Concello de O Porriño, concedéndolle trámite de audiencia, ao abeiro do disposto no artigo 82 da Lei 39/2015 para a formulación de alegación e a achega de documentos.

Dentro do prazo outorgado, en data 10/02/2023 tivo entrada no rexistro electrónico municipal (documento 230040340) escrito do Concello de O Porriño no que realiza as seguintes alegacións:

“1º) Que o Concello de Vigo carece de título que o habilite para facer unha declaración unilateral de esixibilidade ao Concello de O Porriño relativo ao financiamento dos custes da canle e encoro de Eiras, toda vez que nin os títulos concesionais, nin nos proxectos aprobados, nin en ningunha resolución administrativa da Administración titular das infraestruturas (nun primeiro momento o Estado e na actualidade Augas de Galicia), nin ningunha norma en vigor, prevén tal competencia en favor de dita administración local.

As relacións entre o Concello de O Porriño e o Concello de Vigo deben responder ao deseño dun escenario de corresponsabilidade pactado, que propicie unha asignación proporcional dos custes de explotación, gastos de vixilancia da presa e recuperación dos investimentos comprometidos, elo en aplicación dos mais elementais principios de colaboración e cooperación que deben rexer as relacións entre estas dúas administracións de conformidade co establecido polo artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Resulta imprescindible, dentro dun escenario de corresponsabilidade pactado, contemplar nun único estudo o total dos custes e o total dos ingresos derivados da explotación dunha infraestrutura común para, posteriormente e no caso de que o resultado de explotación arroxe un saldo negativo, se pacte o sistema de asignación proporcional das achegas do Concello de Vigo, do Concello de O Porriño e do resto dos concellos beneficiarios da infraestrutura para equilibrar o resultado da explotación.

2º) O acordo adoptado polo Pleno Corporativo dese Concello en sesión de data 27/01/1998 resulta nulo de pleno dereito, reiterándose a obriga que ten esa administración local de tramitar a solicitude de revisión de oficio formulada por este Concello de O Porriño.

Na resolución agora notificada indícase que a solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 ven de ser inadmitida por acordo plenario do 28 de decembro de 2022 (expediente 1492/441), sen que esta administración local teña recibido notificación algunha deste suposto acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 11 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3º) A os efectos de que este Concello de O Porriño poda trasladar unha resposta axeitada á proposta de financiamento formulada, resulta imprescindible que ese Concello de Vigo permita o acceso ao "proxecto PIC 0291" (para poder verificar que o importe da inversión en renovación da canle foi efectivamente de 2.638 Mptas) así como ao "informe de estimación de gastos de explotación" contido no expediente 336/441 da área de Fomento.

4º) Unha vez que ese Concello de Vigo facilite a esta administración o acceso á información solicitada, e, polo tanto, se teña coñecemento da xustificación dos custes da inversión e dos gastos da explotación da canle e encoro de Eiras, trasladaráselle a esta Concellería unha concreta proposta de asignación proporcional para o seu financiamento".

Décimo.- Visto o punto 3º do escrito remitido polo Concello de O Porriño, en data 28 de febreiro de 2023 o Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, comunicoulle o seguinte:

"1º.- O Proxecto PIC 0291 non foi tido en consideración no informe económico obrante no presente expediente, que ten por obxecto determinar a participación do Concello de O Porriño nos custos derivados das infraestruturas de captación de auga no Encoro de Eiras e adución ata o punto de entrega, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2.023. Unicamente aparece citado no mesmo ao describir a infraestructura de adución e ao facer referencia ao custo esixido ata o 31/12/2022. En consecuencia o Proxecto PIC 0291 non ten ningún tipo de impacto nin de repercusión nos custos determinados no informe económico do presente expediente.

2º.- En relación coa petición do informe contido no expediente 336/441, indicarlle que non resulta procedente facilitarlle o mesmo ao referirse a toda a concesión do ciclo integral da auga de Vigo, o que excede do contido do presente expediente. As variables do mesmo con relevancia para determinar a participación do Concello de O Porriño nos custos derivados das infraestruturas de captación de auga no Encoro de Eiras e adución ata o punto de entrega, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2.023 son as que aparecen nos anexos II e III que acompañan ao mesmo.

Non obstante, en aras de clarificarlle toda a información relevante para determinar os custos imputados ao Concello de O Porriño, remitimos detalle dos importes considerados no anexo II para fixar os custos fixos e variables do encoro de Eiras e das aducións, nos que se basea o informe económico, así como mención ao contido do anexo III".

O detalle dos anexos II e III do informe económico consta no expediente (trámite 17), así como o novo prazo de alegacións de dez días que lle foi outorgado.

Concluído dito prazo, ao día da data non se ten recibido escrito ningún por parte do Concello de O Porriño.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).



Copia do documento - Concello de Vigo
3811-1101

Data impresión: 04/05/2023 13:37

Páxina 12 de 40

CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas (Lei 40/2015).
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva marco da Auga)
- Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O Concello de Vigo ven esixindo ao Concello de O Porriño, dende a adopción do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, unhas contías pola utilización compartida dunhas infraestruturas (esixencia validada xudicialmente polas sentenzas relacionadas no punto 6 dos antecedentes). Esta esixencia deriva do principio de corresponsabilidade de ambas administracións nos custos incurridos pola utilización conxunta destas infraestruturas hidráulicas, sendo necesaria unha asignación proporcional daqueles.

Así, as Sentenzas nº 249 e 250/2014, ambas de data 24 de novembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, confirmadas en apelación polas Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 636/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4071/2015) e nº 637/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4070/2015) estableceron que *“La exigencia estriba en la corresponsabilidad en la asunción de los costes, en proporción a su participación en su génesis. Así, se viene repercutiendo el precio de la inversión de la nueva canalización -que sirve a ambas entidades-y el gasto en mantenimiento y vigilancia de la planta”*.

En igual sentido, a Sentenza do TSXG nº 46/2015, do 4 de febreiro de 2015, no seu FD 2º estableceu que *“Resulta obvio (e esto non o nega o propio Concello de O Porriño) que os usuarios das infraestruturas do subministro de auga deben asumi-los custos e que estos se repartan en función de criterios de intensidade do uso (...)”* e a Sentenza do TSXG nº 637/2015, do 22 de outubro dispuxo no seu FD 3 *“De su lectura, se deduce que la naturaleza o el fundamento de este acuerdo se encuentra en la consideración de que existe una responsabilidad de ambos concellos en la asunción de costes en proporción a su participación en el origen de esos gastos”*.

2.- Faise necesario axustar o principio de corresponsabilidade na asunción dos custos entre ambas administracións á realidade dos custos actuais de explotación, pois tal e como expresa o informe económico incorporado ao expediente (trámite 7), na súa consideración cuarta:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 13 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Os custos imputados ao Concello de O Porriño segundo o acordo plenario de 1998 baséanse en información e consideracións económicas válidas hai 25 anos. As circunstancias efectivas de explotación a día de hoxe sepáranse das condicións de 1998, sendo as principais discrepancias existentes as seguintes:

- *O acordo plenario omite a maior parte dos custos de operación e mantemento.*
- *O nivel de custos nos que se basea o acordo plenario é o de 1996, polo que non ten en conta os incrementos do índice de prezos ao consumo nos últimos 26 anos.*
- *O prazo de amortización da Canle (Tramo PIC 0291) tiña un período de duración de 25 anos, polo que a partir de xaneiro de 2023 non debería imputarse este custo por estar plenamente amortizada.*

Faise necesario, en consecuencia, realizar un estudo de custos fundamentado na situación económica e operativa actual dos servizos inherentes ás infraestruturas de captación e adución, para poder determinar os custos que deberán ser imputados ao Concello de O Porriño a partir do 1 de xaneiro do 2023”.

Para dar unha idea do aproveitamento de auga que se envía a este Concello, procede transcribir literalmente o seguinte parágrafo contido no informe económico:

“Así, en 2022, a cantidade enviada ao Concello de O Porriño foi de 3.599.474 m³, fronte a un total de 34.095.360 m³ de aproveitamento total do Encoro. Deste modo, a porcentaxe a imputar ao Concello de O Porriño é de $3.599.474 / 34.095.360 = 10,56\%$. Como excepción, o custo de mantemento da canle entre o punto de derivación ao inicio do sifón de Quintela e o punto de entrega ao Concello de O Porriño en Os Valos debe imputarse ao 100% ao Concello de O Porriño, por empregarse exclusivamente para a subministración de auga bruta a este”.

3.- Procede analizar as alegacións formuladas polo Concello de O Porriño no escrito que tivo entrada o 10 de febreiro do 2023, que en síntese son as seguintes:

1) En relación á ausencia de título que habilite ao Concello de Vigo para facer unha declaración unilateral de esixibilidade ao Concello de O Porriño relativa ao financiamento dos custes da canle e encoro de Eiras, cómpre indicar que as diversas sentenzas relatadas nos antecedentes de feito (confirmadas todas elas en apelación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) avalaron as liquidacións bimensuais xiradas en aplicación do acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998 obxecto destes procedementos xudiciais.

Respecto desta alegación, debemos precisar que o Concello de Vigo dispón dun título concesional do ano 1962 (aínda vixente ao día da data) polo que se lle autorizou o aproveitamento das augas do Río Oitavén, mediante a construción dun encoro regulador (Presa de Eiras), captación da auga e explotación da citada Presa. Foi o Concello de Vigo quen financiou integramente a obra de reposición Nova Canle de Eiras á que se refire o apartado A.3 do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998. Como quedou fixado xa nas sentenzas citadas, á efectiva prestación por parte do Concello de Vigo do subministro de auga ao Concello de O Porriño ten que corresponderlle unha efectiva asunción dos custos proporcionais a cargo do Concello de O Porriño, pois doutro xeito estes custos serían soportados pola cidadanía de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 14 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sen a utilización destas infraestruturas, O Porriño non podería abastecer de auga nin ao seu Polígono Industrial (única previsión de abastecemento inicial nos anos 70) nin á súa poboación. Lembremos que no exercicio 2022 foron subministrados ao Concello de O Porriño 3.599.474m3.

Sobre o fundamento da esixencia das liquidacións bimensuais, a Sentenza 637/2015, do 22 de outubro de 2015, xa se ten pronunciado expresamente nos seguintes termos: *“ la naturaleza o fundamento de este acuerdo se encuentra en la consideración de que existe una responsabilidad de ambos concellos en la asunción de costes en proporción a su participación en el origen de esos gastos”*.

Así, o único obxecto do acordo plenario que se propón é actualizar a contía da contribución do Concello de O Porriño aos custes segundo a operativa actual dos servizos inherentes ás infraestruturas de captación e adución, para poder determinar os custos que deberán ser imputados ao Concello de O Porriño a partir do 1 de xaneiro do 2023. Fronte á contribución unitaria por m3 de auga no exercicio 2022 de 0,0552€/m3 corresponderá, a partir do 1 de xaneiro de 2023, 0,0394€/m3 segundo o informe económico que obra no expediente, por estar completamente amortizada a Canle de Eiras á que se refire o apartado A.3 do acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998.

2) Sobre a necesidade dun escenario de corresponsabilidade pactado, hai que precisar que no escrito de alegacións o Concello de O Porriño admite abertamente que non paga as liquidacións bimensuais indicando que: *“O Concello de O Porriño non ten abonado liquidación algunha das emitidas polo Concello de Vigo en concepto de “Recuperación investimento Canle de Eiras, Vixiancia do encoro e Mantemento e Conservación da Canle”, a salvo de 7 facturas por importe total de 139.391,47€ que foron abonadas no ano 2012 no marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das administracións locais”*.

Neste escenario de reiterado impago do Concello de O Porriño e subministro ininterrompido por parte do Concello de Vigo, debemos acudir ao xa sinalado a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 4 de febreiro de 2015: *“Concordamos co letrado do Concello de Vigo en que a alternativa -convenio de colaboración- é unha calexa sen saída dado que deixa á vontade dunha das partes- o Concello de O Porriño-determinar a contía e cando asumirá o custo (...)”*

Ante esta situación resulta procedente actualizar o acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, reiterando que este axuste comportará unha achega menor do Concello de O Porriño. Fronte á contribución unitaria por m3 de auga liquidada no exercicio 2022 de 0,0552€/m3 corresponderá, a partir do 1 de xaneiro de 2023, 0,0394€/m3 segundo o informe económico que obra no expediente.

3) Con respecto á alegación relativa á falta de resolución expresa dunha solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, indicar que dita solicitude de revisión de oficio foi obxecto de tramitación no expediente 1492/441, resultando inadmitida por acordo plenario do 28 de decembro do 2022, que lle foi notificado o 15 de febreiro do 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 15 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista da motivación exposta, procede desestimar as alegacións formuladas.

3.- Con fundamento nas anteriores consideracións xurídicas e no informe técnico-económico incorporado ao expediente do que se lle deu traslado ao Concello de O Porriño, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO...”

Deseguido as funcionarias informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe do Interventor Municipal, de data 16 de marzo de 2023.

Con data de 22 de marzo de 2023, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Primeiro.- Actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, declarando esixible ao Concello de O Porriño a partir do 1 de xaneiro de 2023 unha das seguintes cantidades por m³ subministrado, determinadas no informe económico que obra no expediente, en función da adscrición ou non adscrición do tramo da canle Quintela-Os Valos ao Concello de O Porriño:

a1) custo de operación e mantemento incluída a canle Quintela-Os Valos

Para o ano 2023, será esixible ao Concello de O Porriño unha cantidade de 0,0394 €/m³, que resulta dos seguintes custos:

- Custos fixos de operación e mantemento do encoro de Eiras: 85.736,44 €
- Custos variables de operación e mantemento do encoro de Eiras: 829,15 €
- Custos de mantemento das canles de adución: 16.392,90 €
- Imputación dos custos directos do sistema non atribuíbles a ningún servizo: 24.854,18 €
- Custos xerais e beneficio industrial: 14.059,39 €
- Custo total: 141.872,06 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 16 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Custo total unitario: $141.872,06 \text{ €} / 3.599.474 \text{ m}^3 = 0,0394 \text{ €/m}^3$

a2) custo de operación e mantemento excluído tramo da canle Quintela-Os Valos

No caso de que durante o ano 2023 sexa adscrita ao Concello de O Porriño a infraestrutura canle Quintela - Os Valos, sería esixible ao Concello de O Porriño unha cantidade de $0,0357 \text{ €/m}^3$, que resulta dos seguintes custos:

- Custos fixos de operación e mantemento do encoro de Eiras: 85.736,44 €
- Custos variables de operación e mantemento do encoro de Eiras: 829,15 €
- Custos de mantemento das canles de adución: 6.593,97 €
- Imputación dos custos directos do sistema non atribuíbles a ningún servizo: 22.488,72 €
- Custos xerais e beneficio industrial: 12.721,31 €
- Custo total: 128.369,59 €
- Custo total unitario: $128.369,59 \text{ €} / 3.599.474 \text{ m}^3 = 0,0357 \text{ €/m}^3$

Segundo.- Actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, declarando esixible ao Concello de O Porriño para o ano 2024 e sucesivos, a achega que deberá realizar por motivo da subministración de auga bruta que resultará da suma dos custos de operación e mantemento (nalgunha das dúas variantes anteditas) e a eventual recuperación de investimentos.

a) custo de operación e mantemento

a1) custo de operación e mantemento incluída a canle Quintela-Os Valos

a2) custo de operación e mantemento excluída a canle Quintela-Os Valos

b) recuperación de investimentos

a) Custo de operación e mantemento

O custo de operación e mantemento determinarase para o ano 2024 e sucesivos coa aplicación da seguinte fórmula:

$$C_t = C_0 \times (I_t/I_0) \times (P_{t-1}/P_0) \times 90,43\% + C_0 \times (I_t/I_0) \times 9,57\%$$

Onde:

- C_t é o custo de operación e mantemento para o ano t (€/m^3).
- C_0 é o custo de operación e mantemento determinado neste informe, para decembro de 2022.
- I_t é o índice IPC publicado polo INE para decembro do ano anterior ao ano t.
- I_0 é o índice IPC publicado polo INE para decembro de 2022 (109,899)
- P_{t-1} é a porcentaxe da auga bruta derivada ao Concello de O Porriño respecto do total aproveitado do Encoro de Eiras, para o ano anterior a t (é dicir, para t=2024, a porcentaxe en 2023).
- P_0 é a porcentaxe da auga bruta derivada ao Concello de O Porriño respecto do total aproveitado do Encoro de Eiras, para o ano 2022 (10,56%).

a1) custo de operación e mantemento incluída a canle Quintela-Os Valos

O custo de operación e mantemento actual (decembro 2022) é de $0,0394 \text{ €/m}^3$, segundo resulta do informe económico que obra no expediente, e inclúe o custo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 17 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

operación e mantemento da canle Quintela - Os Valos. Por tanto, a fórmula para o custo correspondente ao ano 2024 e sucesivos será a seguinte:

$$C_t = 0,0394 \text{ €/m}^3 \times (I_t/109,899) \times (P_{t-1}/10,56\%) \times 90,43\% + 0,0394 \times (I_t/109,734) \times 9,57\%$$

a2) custo de operación e mantemento excluída a canle Quintela-Os Valos

O custo de operación e mantemento actual (decembro 2022), excluído o custo de operación e mantemento da canle Quintela - Os Valos é de 0,0357 €/m³, segundo resulta do informe económico que obra no expediente. Por tanto, a fórmula para o custo correspondente ao ano 2024 e sucesivos sería a seguinte:

$$C_t = 0,0357 \text{ €/m}^3 \times (I_t/109,899) \times (P_{t-1}/10,56\%)$$

b) Imputación dos investimentos

A imputación dos investimentos que se realizaren no encoro de Eiras e demais infraestruturas de captación e adución empregadas para a subministración de auga bruta ao Concello de O Porriño, (salvo que se estableza outra modalidade de participación no financiamento ou unha taxa de xuro diferente) determinarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$A = C_p \times (EU_{t-1} + 2,82\%) / (1 - (1 + EU_{t-1} + 2,82\%)^{-n})$$

Onde:

- A é a cota fixa de amortización anual a imputar ao Concello de O Porriño, durante n anualidades. Polo tanto A/6 é o importe fixo bimestral a imputar en concepto de amortización do investimento.
- EU_{t-1} é o Euribor medio para o mes de decembro do ano anterior ao da recepción do investimento.
- 2,82% é o diferencial sobre o Euribor da taxa de xuro de referencia do Concello de Vigo para investimentos realizados en infraestruturas do ciclo integral da auga.
- n é o número de anos de amortización económica do investimento.
- C_p é a parte do investimento total imputable ao Concello de O Porriño, que se determina mediante a aplicación da seguinte fórmula: C_p = C_v x P_{t-1}; onde C_v é a parte do investimento financiada polo Concello de Vigo e P_{t-1} é a porcentaxe da auga bruta derivada ao Concello de O Porriño respecto do total aproveitado do Encoro de Eiras, para o ano anterior ao da recepción do investimento.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao Concello de O Porriño con indicación que este é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Pleno do concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 18 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4.(47). MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO DE MEDIDAS URXENTES FRONTE AO GRAVE PROBLEMA DA VIVENDA EN VIGO. EXPTE. PLENO 3783/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2023, número 3783/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“MEDIDAS URXENTES FRONTE AO GRAVE PROBLEMA DA VIVENDA EN VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda constitúe, arestora, un dos máis graves problemas sociais en Vigo. A nosa cidade continúa cos prezos máis elevados tanto de vivenda de compra como de alugueiro do conxunto de Galiza. É especialmente grave a evolución da vivenda en réxime de alugueiro, modalidade que atinxe un 28% dos fogares da cidade (case o duplo do 15,3% de media en Galiza), toda vez nos últimos cinco anos incrementou os seus custos, segundo datos da propia Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein), nun 40%. Incremento ao que hai que engadir a suba de entre un 5 e o 9% rexistrada só nos últimos doce meses, como se recolle nos informes emitidos pola Fegein e o portal Fotocasa.

Cun prezo medio de alugueiro de 866 euros mensuais para unha vivenda, de 500 euros para un estudo de 30 metros cadrados, e de 360 euros para apenas unha habitación nun piso compartido, e tendo en conta o aumento tamén moi agudo dos prezos de venda e das grandes dificultades para a subscrición dun crédito hipotecario, acceder a unha vivenda en Vigo tórnase nun luxo inasequível para un cada vez maior número de familias traballadoras, e de maneira especialmente dura, para a mocidade que se ve privada da posibilidade material de emprender un proxecto de vida propio.

Esta tendencia continuada agrávase pola contracción da oferta, tendo nesta altura o stock máis reducido de vivenda dispoñíbel para alugueiro residencial da última década, segundo sinala a Asociación de Empresas Inmobiliarias (Asemi). Neste sentido, a emerxencia do fenómeno ultraespeculativo das Vivendas de Usos Turísticos (VUT) supón un grave factor acelerante, na medida en que a día de hoxe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 19 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

hai en Vigo máis dun millar de pisos turísticos, fronte apenas 550 vivendas dispoñíbeis para alugueiro convencional.

Se ao anterior sumamos os efectos da crise inflacionaria, o crecente empobrecemento salarial e o aumento da precariedade laboral, é claro que se configura un escenario que imposibilita na práctica poder residir en Vigo. Feito que explica a perda de 4.318 habitantes entre os anos 2020 e 2022, segundo datos oficiais do INE, mentres que 21 dos restantes 26 concellos que integran a nosa realidade metropolitana aumentaban a súa poboación no mesmo período.

As condicións extremas do mercado da vivenda en Vigo resultan especialmente incomprensíbeis nunha cidade na que hai 18.500 inmóbeis baleiros, na súa práctica totalidade en plenas condicións de habitabilidade.

Esta situación é a que explica que a nosa cidade concentre case un terzo das persoas rexistradas como demandantes de vivenda protexida no conxunto de Galiza, 5.800 sobre un total de 16.100, tal e como constatan os datos do propio Instituto Galego da Vivenda e Solo. A inmensa maioría das persoas rexistradas solicitan, precisamente, vivendas en réxime de alugueiro.

Aliás, a ausencia dun parque público de vivenda na nosa cidade provoca que non existan alternativas habitacionais en Vigo para as persoas e familias que son desafiuzadas.

A falla de intervención pública diante desta grave situación, coa ausencia de políticas efectivas que faciliten o acceso social á vivenda, ten sido unha constante. Nos últimos trece anos a Xunta de Galiza apenas desenvolveu dúas promocións públicas de vivenda na maior cidade do noso País, ás que se engade un moi escaso número de vivendas rehabilitadas por parte do Consorcio do Casco Vello, que nalgúns casos malia se tratar de vivendas protexidas presentan importes inasumíbeis para as familias traballadoras e persoas mozas.

Un exemplo clamoroso da nefasta política de vivenda desenvolvida polo actual Goberno galego, está no novo Plan Parcial de Navia no que das 1.600 vivendas previstas apenas 80 serán de promoción pública e cunha moi insuficiente oferta de vivenda protexida en réxime de alugueiro. Da inacción da Xunta de Galiza dá boa conta o feito de ter deixado sen executar o 60% das partidas destinadas a vivenda do seu orzamento no último exercicio

A nivel municipal comprobamos como o Goberno local ten desistido, deliberadamente, de actuar para facilitar o acceso social á vivenda na nosa cidade, incumprindo deliberadamente os seus propios compromisos, como o anunciado polo actual alcalde, Abel Caballero, en abril de 2007 de que se promoverían 6 mil vivendas protexidas en 4 anos. Porén, dezaseis anos despois non se materializou ningunha delas. Ao contrario, non utilizou os aproveitamentos urbanísticos para articular un parque municipal de vivenda, senón que acabaría por vender vivendas de titularidade municipal. E no Pleno do pasado 7 de setembro de 2022, o grupo de Goberno impedía cos seus votos a aprobación íntegra dunha moción do BNG demandando “Medidas para facilitar o acceso social á vivenda na cidade de Vigo”, excluindo da mesma todos os acordos referidos ao despregamento dunha verdadeira política en materia de vivenda por parte do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 20 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Estamos, por tanto, nunha situación absolutamente límite, que esixe despregar con urxencia e con determinación medidas efectivas para facilitar o acceso da maioría social a un ben esencial como é a vivenda na nosa cidade.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, tanto en réxime de compra-venda como de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.
3. Esixir da Xunta de Galiza o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo e, singularmente, instala a garantir unha alternativa habitacional digna no noso termo municipal ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade social que sexan vítimas dun desafuzamento, así como a despregar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.
4. Instar a Xunta de Galiza a modificar as previsións no Plan Parcial de Navia para aumentar substancialmente as vivendas de promoción pública para as destinar a alugueiro a prezos asequíbeis.
5. Instar o Goberno municipal a adoptar as seguintes medidas:
 - a Poñer en marcha un Plan de Choque, co obxectivo de constituír antes do 31 de decembro do presente ano un parque municipal de vivenda social que conte con como mínimo 300 vivendas en réxime de alugueiro social, a través de solicitar a cesión das 200 vivendas das que é titular a Sareb (participada maioritariamente polo Estado español) na nosa cidade e de incorporar outras 100 vivendas, a través dun programa que rehabilite e equipe pisos desocupados, a cargo de fondos municipais, a cambio da cesión do seu uso por un período mínimo de dez anos.
 - b Impulsar a creación dunha Axencia Local de Vivenda Protexida e Social.
 - c Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida.
 - d Destinar os aproveitamentos urbanísticos que lle correspondan ao Concello para os incorporar a un parque municipal de vivenda social en réxime de alugueiro.
 - e Crear un programa municipal de apoio e promoción do cooperativismo de vivenda na cidade.
 - f Estabelecer un plan de acción local destinado a mobilizar as 18.500 vivendas desocupadas existentes na cidade, co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro a prezos asequíbeis.
 - g Poñer en marcha un Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Vigo, que inclúa entre outras medidas que o Concello asuma e responda polos avais e seguros que están esixindo as e os propietarios de cara a subscribir os contratos de alugueiro, así como unha liña de axudas municipais para anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente a mocidade e persoas con baixos recursos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 21 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- h Adoptar as medidas necesarias para frear a proliferación de vivendas de uso turístico (VUT) na cidade e elaborar unha ordenanza municipal para o seu regulamento e aplicando unha moratoria de 5 anos na autorización de novas VUT.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.03.23 (Rex. Nº 3783/1101), polo concelleiro membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(48). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE REVERTA DE FORMA INMEDIATA Á CIDADE DE VIGO A DÉBEDA CONTRAÍDA E DERIVADA POLA NON EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS E GASTOS POR PARTE DOS GOBERNOS DO PP DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. PLENO 3786/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2023, número 3786/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os gobernos da Xunta de Galicia teñen unha débeda coa cidade de Vigo ao 31 de decembro de 2022 de 2.780 millóns de euros, tendo en conta os capítulos VI (Investimentos de capital) e VII (Transferencia de capital) recollidos nos seus orzamentos desde o ano 2.009 hasta 2022.

Pero a débeda con esta cidade, pola xestión dos gobernos do Partido Popular no Estado, é maior.

Os anos de goberno de Rajoy desde 2011 a 2018 saldáronse metendo no caixón proxectos que viñan do anterior goberno, non atendendo demandas concretas sen ningunha xustificación e, noutras ocasións, obstaculizando investimentos a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 22 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pedimento do goberno de Feijóo nunha sorte de pinza entre o goberno do Estado de Mariano Rajoy e o goberno de Feijóo da Xunta de Galicia.

Aos 2.780 millóns de falta de investimento directo na cidade, por parte da Xunta, débense engadir, todos aqueles investimentos que Rajoy e, principalmente, a súa Ministra Ana Pastor paralizaron e meteron nun caixón.

Esta débeda do goberno de Mariano Rajoy, coa cidade de Vigo, tamén é cuantificable e dado que respondía a unha acción política conxunta de castigo a esta cidade debe detallarse para reivindicar o dano económico que os gobernos do Partido Popular, no Estado e a Xunta, supuxeron para esta cidade.

A saída Sur do AVE cara Portugal (800 M), o AVE directo a Ourense por Cerdedo (2.682 M), a nova autovía de saída a Madrid A-55 (300 M), a remodelación da Avenida Madrid (13,4 M), a Biblioteca pública do Estado (13 M), a remodelación do litoral e da praia de Samil (4 M), a moi alta tensión para Balaídos (70 M), o traslado do Instituto de Investigacións Mariñas (16 M), o soterramento da VG-20 (50 M), a mellora dos accesos ao IFEVI (1,5 M) e a transformación da AP-9 ao seu paso por Teis (20 M), conforman unha débeda histórica, nas decisións do goberno de Rajoy con esta cidade, de 3.970 millóns de euros.

As actuacións dos gobernos do Estado, Mariano Rajoy, e da Xunta con Alberto Núñez Feijoo, crearon unha débeda histórica coa cidade de Vigo e é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar o Goberno da Xunta de Galicia a que reverta de forma inmediata á cidade de Vigo a débeda contraída e derivada pola non execución dos investimentos e gastos por parte dos Gobernos do PP da Xunta de Galicia que ascenden a 2.780 millóns de euros."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2023 (Rex. Nº 3786/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 23 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.(49). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN DE POLO MENOS, DÚAS NOVAS ESCOLAS INFANTÍS NA CIDADE, ASÍ COMO O FINANCIAMENTO DO CUSTE DO SERVIZO DA ATENCIÓN EDUCATIVA E COMEDOR DAS ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. PLENO 3787/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2023, número 3787/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos incrementou de forma notable a demanda de prazas públicas en escolas infantís. A conciliación familiar constitúe unha problemática complexa e un dos recursos para facilitala é a oferta de prazas nas escolas infantís, nas que se preste unha atención de calidade os nenos e nenas.

O goberno de Abel Caballero leva anos apostando pola educación infantil coa creación de novas escolas municipais como Mestres Goldar, Navia, Tomás Alonso, Bouzas, Bembrive e as escolas de Santa Marta, que se construírá próximamente, e Praza da Industria que xa estará operativa o vindeiro curso. Sete novas escolas que se suman ás escolas municipais de Santa Cristina, Atalaia, Saiáns, Valadares e Rúa Palencia.

Nesta cidade a última escola infantil que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia foi no ano 2012. Nese mesmo período de tempo os gobernos de Abel Caballero, abriron 5 novas escolas infantís municipais.

A maiores da creación de novos equipamentos educativos, o Concello de Vigo ven garantindo a gratuidade nas escolas infantís a miles de familias nos últimos anos.

É importante recordar que nas escolas infantís municipais preto do 80% dos alumnos matriculados xa non pagaban nada e na actualidade a totalidade dos matriculados pagan cuota cero. O Concello de Vigo leva anos aplicando esa medida e garantindo ademáis a gratuidade dun servizo tan importante como é o comedor.

No caso do Concello de Vigo todas os alumnos e alumnas gozarán da gratuidade total do servizo, atención educativa, comedor e os servizos complementarios grazas ao Concello de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDOS:

- Instar a Xunta de Galicia á creación de polo menos dúas novas escolas infantís na cidade de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 24 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar á Xunta de Galicia a que financie o 100% do custo do servizo de atención educativa e comedor (2.338.683 euros), de todos os nenos e nenas das escolas municipais, que está a ser asumido íntegramente polo Concello de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación esta ausente o concelleiro Sr. Losada Alvarez.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2023 (Rex. Nº 3787/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(50). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO PARTIDO POPULAR DA XUNTA DE GALICIA E AOS SEUS CARGOS POLÍTICOS QUE DESENVOLVERON UNHA CAMPAÑA CONTRA O NADAL DE VIGO DE 2022, A DESCULPARSE PUBLICAMENTE CON ESTA CIDADE. EXPTE. 3788/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2023, número 3788/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Nadal en Vigo, nos últimos anos, converteuse nun fenómeno turístico único. Pero foi no último Nadal de 2022 cando este acontecemento chegou a unha cifras inimaxinables e a un retorno económico histórico para a cidade, pero tamén para o conxunto da provincia de Pontevedra.

Os datos de visitantes, medidos a través de teléfonos móbiles, durante o Nadal móstrannos unhas cifras de récord absoluto. O número de visitantes do Nadal en Vigo, no período comprendido entre o 19 de novembro de 2022 e o 15 de xaneiro de 2023, é de 5.345.759 visitantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 25 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nesta cifra non se recolle ás persoas que entran e saen da cidade por motivos de estudo e traballo nin aos residentes.

Os días de maior afluencia foron o 26 de decembro de 2022, cun total de 160.879 visitantes. Merece a pena facer a desagregación para comprender a magnitude do evento; internacionais, 23.792, nacionais, 46.694 e da provincia de Pontevedra, 90.393.

Só o 27 de decembro de 2022 visitáronnos 170.306 persoas. A distribución, coa anterior desagregación, foi; 26.682, 49.834 e 93.790, respectivamente.

É indubidable a extraordinaria incidencia económica que estes case 5,4 millóns de visitantes supuxeron para o conxunto da cidade. Calcúlase que o retorno económico foi ao redor dos 1.000 millóns de euros beneficiou a todo o tecido económico desta cidade. A iso, sen dúbida, habería que engadir o gasto que realizan os propios vigueses, nunhas festas nas que senten especialmente involucrados.

Dicimos que é un fenómeno turístico único pola magnitude total de visitantes e tamén porque foi o destino preferido dos portugueses, superando nesta época os nosos veciños aos visitantes de Madrid e Barcelona. É importante coñecer que en 2019 fomos o oitavo destino para os portugueses e agora fomos os primeiros.

Os turistas internacionais proviñan de Portugal, Francia, Reino Unido, Países Baixos, EE.UU, Alemaña, Suíza, Austria, Italia, Bélxica e tamén do continente americano de Brasil, Arxentina, México, Filipinas e Perú.

Todo isto confirma que Vigo foi o destino que recibiu máis turistas internacionais de todo o noroeste peninsular na época de Nadal, por encima de municipios como Marbella e Santa Cruz de Tenerife.

O efecto do Nadal de Vigo é extrapolable ao resto da provincia, o que permitiu que Pontevedra sexa a primeira provincia galega en viaxeiros no mes de decembro, por primeira vez na súa historia.

Sendo un fenómeno recente no tempo, Vigo converteuse no destino turístico emerxente máis potente de Europa.

Nestes últimos anos, nos que o Nadal de Vigo foi crescendo exponencialmente, todos os esforzos económicos realizounos o Concello de Vigo, a achega económica da Xunta de Galicia foi de 0 euros.

A Xunta de Galicia non cumpriu co seu papel de apoio a unha cidade galega que se converteu en referencia mundial.

A Xunta centrou os seus esforzos de apoio, en exclusividade ao Camiño de Santiago, ao Xacobeo. É importante sinalar, para comprender o que significa o Nadal de Vigo, que o Xacobeo atraeu a Vigo a 30.000 camiñantes, dos que 8.000 hospedáronse no albergue durante o ano 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 26 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Retomando as cifras anteriores, o 27 de decembro de 2022, só nun día, houbo máis turistas internacionais en Vigo que todo o Xacobeo durante o ano 2.022.

Congratulámonos do apoio da Xunta ao Xacobeo pero entendemos que hai un agravio comparativo de gran magnitude co tratamento que se deu desde o goberno de Galicia ao Nadal de Vigo. Reiteramos que apoio 0 euros mentres que se investiron cantidades millonarias no apoio ao Xacobeo.

Á gravidade do anterior, debemos de engadir o intento da Xunta de Galicia é de paralizar e pechar os eventos do Nadal de Vigo en 2022.

Pola falta de apoio económico e polo intento político de poñer trabas, de obstaculizar e de querer pechar o Nadal de Vigo 2022, os responsables políticos da Xunta e os cargos do Partido Popular deben pedir desculpas a esta cidade porque de conseguir ese obxectivo, que o Nadal non se celebre, o dano económico á cidade de Vigo, á provincia de Pontevedra e a Galicia sería inmenso e irreparable.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar ao goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia e aos cargos políticos do devandito partido, que desenvolveron unha campaña activa en contra do Nadal de Vigo de 2022, a desculpase publicamente con esta cidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2023 (Rex. Nº 3788/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(51). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A COOPERAR ECONOMICAMENTE COAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA POTABILIZADORA DO CASAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3789/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 27 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2023, número 3789/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vigo, a través do servizo municipal de abastecemento e saneamento, está a executar na actualidade as obras de ampliación e modernización da ETAP do Casal.

Unhas obras que supoñen un investimento de case 23 millóns de euros, dotada da máis avanzada tecnoloxía dispoñible, e que permitirá ampliar a súa capacidade de tratamento ata os 2.200 litros por segundo. A actuación presenta un importante grao de avance, prevéndose que nos próximos meses empece a funcionar en fase de probas, garantindo así as necesidades de tratamento para os próximos 50 anos. A ETAP do Casal subministra auga ao Concello de Vigo, primeira cidade de Galicia, pero ademáis aos Concellos de Cangas e Moaña, así coma parte dos Concellos de Redondela e Mos.

A necesidade de mellorar a capacidade do tratamento de auga potable na área de Vigo aparece tamén recollida nos documentos de planificación da Xunta de Galicia (plan de Abastecemento de Galicia, plan Auga, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o 14 de maio de 2010).

Debido a este carácter supramunicipal do servizo prestado dende a ETAP do Casal, e tendo en conta que a competencia para a ordenación dos abastecementos en alta é da Xunta de Galicia, (según se recolle na Lei 9/2010 de Augas de Galicia) o Concello de Vigo se dirixiu en reiteradas ocasións á Xunta de Galicia solicitando cooperación económica para afrontar este importante reto.

A Xunta de Galicia negou toda cooperación económica para esta actuación, e adicionalmente demorou en quince meses a emisión dun informe preceptivo para poder comenzar as obras, impedindo que a día de hoxe a actuación xa estea rematada.

Esta falta de compromiso da Xunta de Galicia con Vigo resulta incomprendible, máis se se ten en conta que cada ano a Xunta de Galicia recada en Vigo 5 millóns de euros en concepto de canon da auga. Canon este, que, tal como establece a Lei 9/2010 de Augas quede deber afectado entre os seus fins ao apoio económico ás administracións que exerzan competencias no ámbito do ciclo integral da auga.

A inacción da Xunta de Galicia esténdese á súa negativa a asumir as conclusións do “Estudo para a garantía do abastecemento do Sur da provincia de Pontevedra”, redactado en base ao convenio asinado polo Concello de Vigo, Xunta de Galicia e o Goberno de España, e no que queda patente a necesidade de mellorar as infraestruturas hidráulicas se se quere garantir o futuro da primeira área metropolitana de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 28 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tampouco a Xunta de Galicia tivo en conta as peticións para que no Plan Hidrolóxico recentemente aprobado se revisasen os caudais ecolóxicos en Eiras e Zamáns, á vista das evidentes reducións producidas nos caudais circulantes consecuencia do cambio climático, e de cara a garantir os recursos necesarios ante episodios de seca.

E cando o Concello de Vigo fai estas peticións, faino defendendo os intereses da cidade, pero tamén do resto dos concellos da área (debe terse en conta que o pasado ano, a auga subministrada por Vigo ao resto dos concellos da área acadou o 39% do total subministrado polo servizo municipal de abastecemento).

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a cooperar economicamente coas obras de ampliación da Potabilizadora do Casal.
- Instar á Xunta de Galicia a revertir os 6 millóns de euros que recada cada ano en concepto de canon da auga en Vigo na mellora das infraestruturas necesarias para garantir o futuro da nosa cidade e a súa área metropolitana."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2023 (Rex. Nº 3789/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9.(52). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 16.02 AO 19.03.23. EXPTE. 1403/1102 (EXPTE. PLENO 3780/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 16.02.23 ao 19.03.23) incluídas no expediente 1403/1102.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 29 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

10.(53). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/ AS DELEGADOS/AS,DO 16.02 AO 19.03.23.. EXPTE. 1404/1102 (EXPTE. PLENO 3779/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 16.02.23 ao 19.03.23) incluídas no expediente 1404/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS.

11.(54). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AUDITAR AS INSTALACIÓNS, ACLARAR AS CIRCUNSTANCIAS DAS MORTES DE ANIMAIS NO VIGOZOO E TRANSFORMALO NUN PARQUE EDUCATIVO E DE LECER PARA A INFANCIA E A MOCIDADE. EXPTE. PLENO 3782/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2023, número 3782/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual situación na que se atopa Parque Zoolóxico da Madroa VigoZoo é alarmante logo de coñecerse a morte hai poucos días doutro dos animais que se atopaba nas instalacións e que se suma ás ocorridas nun curto espazo de tempo: nada menos que unha ducia de mortes de animais só nos tres últimos anos e todas elas en circunstancias non esclarecidas que motivaron a intervención da Fiscalía e do SEPRONA por posible crueldade ou maltrato animal.

Animais que estiveron varios días mortos sen que se detectase, acusacións de envelenamento ou intoxicación, mortes por frío, por afogamento ou caídas por defectos nas instalacións son algunhas das irregularidades que se fixeron públicas, que nos avergoñan e que evidencian a situación de abandono do Vigozoo e da falta de proxecto do goberno municipal.

Dende logo é preciso poñer fin á situación dramática do Vigozoo pero tamén cómpre coñecer o estado real das instalacións, se son ou non axeitadas para seguir cumprindo a súa función, as medidas e investimentos precisos para evitar que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 30 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sigan producindo situacións de morte ou maltrato animal e constatarmos as circunstancias exactas nas que se produciron todas as mortes poñendo fin á opacidade e a falta de explicacións do goberno municipal. É preciso saber tamén se é a falta de investimento, a carencia de recursos e de persoal, a falta de mantemento, en suma, se é a desleixa do goberno local a causa última de que se produciran esas mortes que todo indica que non foron nin naturais nin fortuitas.

Dende o Partido Popular e fronte a ausencia de investimento e estratexia do goberno municipal temos pedido un proxecto de reforma para VigoZoo, que xa ten máis de 50 anos.

Para elo é preciso dinamizar as actuais instalacións, acabar coa presenza de animais en cativeiro e destinar todo a área a un parque de vacacións infantil e xuvenil para os vigueses. A existencia dun zoológico é absolutamente anacrónica, especialmente nunha cidade que xa declarou a prohibición de circos con animais, e reconverter a área nunha zona de campamentos.

É preciso anticiparse ás previsións da nova Lei de Benestar Animal que obrigará a reconverter os zoológicos, polo que é preciso recuperar as instalacións para que os nenos e adolescentes poidan ter unha oferta de lecer e un programa educativo baseado na natureza: Cabanas para os aloxamentos, xogos relacionados coa natureza, hortos ecolóxicos e unha mostra de animais autóctonos de granxa completarán a proposta para que as actuais instalacións convértanse nun punto de referencia educativo para os vigueses.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Realizar unha auditoría independente das instalacións do Vigozoo para: coñecermos o seu estado real, se as instalacións son ou non axeitadas para seguir cumprindo a súa función, as medidas e investimentos precisos para evitar que se sigan producindo situacións de morte ou maltrato animal, constatar as circunstancias exactas nas que se produciron todas as mortes dos últimos anos e aclarar as responsabilidades do goberno local.
- 2º.- Esixir do goberno municipal explicacións exhaustivas e documentadas sobre a morte de exemplares de animais no Vigozoo e que se dea conta das investigacións que por eses feitos realice a fiscalía, o Seprona ou os xulgados de Vigo.
- 3º.- Transformar o actual Vigozoo nun campamento natural educativo e de lecer orientado a nenos e nenas e persoas mozas."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

O concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, en data 24.03.23, presenta no Rexistro do Pleno emendas a dita moción, que dín o que segue:

Un.- Substituír a proposta de acordo número 3 polo seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 31 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“3º.- Executar o acordo adoptado polo Pleno na moción promovida polo BNG “En favor do benestar animal na cidade” e aprobada o 28 de decembro de 2023, para poñer fin ao modelo exhibicionista de Vigo Zoo, implementando a estratexia Zoo XXI e reconfigurándoo con asesoramento técnico-científico de maneira efectiva como un centro de recuperación e estudo da fauna e como un espazo para a sensibilización social sobre a protección e benestar animal.”

Dous.- Engadir á proposta de acordos o seguinte:

“4º.- Reprobar á concelleira-delegada de Medio ambiente, Nuria Rodríguez, pola súa responsabilidade na xestión do Vigozoo, pola opacidade en relación ao falecemento de cando menos 13 animais nos últimos tres anos e pola súa negativa a comparecer perante a Comisión Informativa de Medio Ambiente do Concello e non ter facilitado a documentación solicitada en relación aos decesos e as súas circunstancias.”

A primeira emenda de substitución é rexeitada polo poñente da moción, Sr. Marnotes González pero a segunda emenda de éngadeda é aceptada polo que se incorpora ao acordo como 4º apartado.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adoptase o seguinte,.

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.03.2023 (Rex. Nº 3782/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, coa engádeda como apartado 4º do acordo, presentada polo membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, cuxos textos constan na parte expositiva deste acordo.

12.(55). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO A CREACIÓN DUN OBSERVATORIO DA CONTRATACIÓN NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. PLENO 3784/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2023, número 3784/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 32 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“MOCIÓN SOLICITANDO A CREACIÓN DUN OBSERVATORIO DA CONTRATACIÓN NO CONCELLO DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende as dúas últimas lexislaturas o Grupo Municipal de Marea de Vigo ven reclamando un debate sobre os mecanismos públicos de auditoría dos múltiples servizos municipais de Vigo xestionados por entidades privadas en réxime de concesión, fundamentalmente empresas privadas.

Porque o feito de que estes servizos sexan xestionados por unha entidade allea aos servizos públicos municipais non exime ao concello da súa responsabilidade como garante da xestión dos mesmos, responsabilidade atribuída pola lei de bases de réxime local que arbitra á corporación unha serie de obrigacións que non se esgotan no proceso de contratación, senón que continúan durante toda a vida do contrato, durante o cal debe velar polo bo cumprimento e desenvolvemento de contrato por parte da empresa adxudicataria.

Esta obrigación é básica dado que un factor determinante da calidade dos servizos ten que ver co cumprimento de todos os requirimentos establecidos nos pregos de contratación, entre os que se inclúen as funcións obxecto do contrato e as condicións laborais dos traballadores das empresas. Só desde un eficaz labor de fiscalización exercida con total transparencia os cidadáns poderán coñecer se a forma de xestión é eficaz e resulta economicamente viable, ou ben o servizo debe volver ao campo do exercicio directo por parte da administración.

Na nosa cidade, neste contexto, son frecuentes e habituais os conflitos e denuncias veciñais sobre a calidade dos servizos públicos, do cumprimento das obrigas que figuran nos pregos, etc.. o que deixa entrever unha moi pobre acción de control e supervisión destas por parte do equipo de goberno municipal. Dende as queixas polas rutas de transporte urbano, a situación de moitos parques e xardíns, o SAF, etc... son diarias as chamadas ao 010 e aos departamentos municipais implicados, moitas veces sen resposta ao depender da vontade da empresa concesionaria de resolvelo.

En definitiva, son vicisitudes consecuencia da privatización de servizos públicos municipais que a veciñanza de Vigo debe coñecer, pero que ten especial dificultade para estes a o non estar xestionada polos servizos municipais, sometidos ao dereito público e a normas estritas de transparencia. A fiscalización da prestación destes servizos debe ser unha actividade que exceda o labor da Xunta de Goberno Local dada a importancia que ten para a veciñanza o coñecemento da eficaz xestión dos servizos públicos e a toma de coñecemento do mellor modelo de xestión destes.

Non existe nin se quixo constituír unha comisión de pleno de seguimento da contratación que mesmo figura de obrigada constitución no Regulamento do Pleno e que Marea de Vigo leva dúas lexislaturas reclamando, pero e que tampouco existe un órgano análogo que teña como obxecto o estudo específico e a vixilancia da contratación, como si existe noutros concellos similares ao noso.

Por esa razón propoñemos a figura do Observatorio de Contratación Municipal, organismo que se convertería nunha peza crave de seguimento e control da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 33 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

execución dos servizos municipais sometidos a concesión ou contrato público. É obrigación do Concello de Vigo adaptar e perfeccionar os mecanismos oportunos co fin de cumprir ese innegable mandato consistente en garantir que a rede pública de servizos municipais responda e sexa eficaz para atender as necesidades básicas da poboación á que están suxeitos.

Por este motivo, imponse establecer desde o concello as ferramentas para que poida valorarse a calidade destes servizos públicos privatizados baixo os criterios da máxima transparencia, coas seguintes premisas:

- _{TX} observatorio primará as funcións de control, seguimento e valoración e mellora das condicións de servizo, tanto no referente á prestación do mesmo e tanto no caso de servizos externalizados e xestionados por empresas privadas, así como os sometidos a concesión e exercidos por empresas privadas. Igualmente elaboraranse no mesmo as medidas correctoras oportunas.
- _{TX} A cidadanía en xeral, opinando e valorando como suxeito protagonista, non só desde a súa condición de persoas usuarias, senón tamén desde o seu obrigado rol político dentro do debate de mellora da rede pública de servizos.
- _{TX} Os traballadores e traballadoras que desempeñan os servizos terán o seu propio papel dentro do Observatorio, tanto no seu rol como veciños como en canto ao cumprimento das condicións laborais por parte das empresas que os xestionen.
- _{TX} Observatorio non suporía custo específico algún para as arcas municipais nin fai interferencia en competencia algunha atribuída por lei a calquera outro órgano, tanto os servizos administrativos afectados ou á unidade de tramitación de cada expediente. As súas funcións esenciais serían a emisión de informes, a realización de peticións ou recomendacións que puidesen orientar as decisións dos órganos municipais relativa ao seguimento da adxudicación e desenvolvemento dos contratos adxudicados polo consistorio.

Pero a principal función do Observatorio sería axudar a facer máis transparente a xestión, permitindo aos veciños coñecer o cumprimento das condicións de execución dos servizos, a calidade da prestación e o grao de eficacia e eficiencia tanto económica como social e ambiental dos mesmos.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación, se procede, o seguinte:

ACORDO

1. Poñer en marcha un grupo de traballo de carácter consultivo denominado “Observatorio de Contratación do Concello de Vigo”, do que formarían parte, ademais dos grupos políticos do consistorio e o concelleiro non adscrito, os técnicos responsables dos servizos municipais contratados, así como representantes dos axentes sociais da cidade, das seccións sindicais das empresas municipais ou concesionarias e do Comité de Empresa do Concello.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 34 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 23.03.2023 (Rex. Nº 3784/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.(56). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se dea conta dos motivos e causas que non permitiron a apertura da bancada de Marcador do estadio de Balaídos o pasado 12 de marzo, como fora reiteradamente anunciada polo alcalde, e se informe da previsión orzamentaria e de prazos para a execución da reforma da bancada de Gol.

14.(57). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. Rogamos informen á FAVEC dos prazos estimados para poder retornar ao seu local da Praza da Princesa nº 7 toda vez que o Convenio asinado como Concello de Vigo establece ate 2030 o uso do mesmo.

15.(58). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez. Que se esixa á concesionaria de transportes VITRASA que renove a flota tal e como estaba condicionada a prórroga, en 72 vehículos hasta este ano, e non 29 como acaba de entregar.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16.(59). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Vai atender o Goberno municipal as indicacións da arqueóloga municipal, que a través dun informe motivado, vén de sinalar a necesidade de conservan “in situ” os restos arqueolóxicos da antiga muralla defensiva da cidade, catalogada con Ben de Interese Cultural, atopados na confluencia entre a rúa Elduayen e o Paseo de Alfonso, e como vai compatibilizar esta medida co proxecto de prolongación do tunel?



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 35 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

17.(60). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes. ¿Cando pensa o concello recuperar o funcionamento normal e os horarios na Unidade Básica de Atención Social da rúa Doutor Corbal en Teis anunciado hai unhas semanas pola concelleira de Servizos Socais?.

18.(61). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez. ¿Que vai facer o goberno local a actuación prevista e anunciada para o Parque García Picher?.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Marzo 23
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 29 de Marzo de 2023 09:07:52
Fecha Fin : Miércoles, 29 de Marzo de 2023 12:14:13
Duración : 03:06:21

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3296

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.4 GiB

SHA512 -
6415910ab7a2fb513fe6d990243a3231cbb97a262bda82e6cdb09883ed4b4c2a91da794
94fea9eb1886a50260983bde227a125046b18d25afafb49f07e23a109

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 720p, Stereo, 2.5 GiB

SHA512 -
74ae5e558424db3ec28011cc207f26ab9f481087decb1c04540d1878a08c2e6b0606ead
70ec6d30c179089de0d7db3a6fb70aa1830246c91d6338cc3fb312ea0

- Minutaxe

00:00:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 36 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier.

- 00:00:22 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 22 de febreiro e extraordinaria do 21 de marzo de 2023.
- 00:00:31 : 2. Dar conta da Resolución pola que se aproba o Marco Orzamentario para o ano 2024-2026. Expte. 247/143 (Expte. Pleno 3752/1101).
- 00:00:46 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:04:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:04:58 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:07:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:07:07 - Pérez Correa, Rubén
 00:12:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:12:19 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:17:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:17:31 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:20:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:20:54 : 3. Actualización do apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023. Expte. 2979/500. (Expte. Pleno 3771/1101).
- 00:21:24 - Votación [9:29:12]
 00:21:59 - Minuto de silencio contra a violencia machista
 00:23:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:23:14 : 4. Moción do concelleiro membro non adscrito de medidas urxentes fronte ao grave problema da vivenda en Vigo. Expte. Pleno 3783/1101.
- 00:23:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:25:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:25:35 - Méndez Fuentes, Oriana
 00:30:29 - Espinosa Mangana, Elena
 00:30:34 - Egerique Mosquera, Teresa
 00:36:01 - Espinosa Mangana, Elena
 00:36:06 - Caride Estévez, María José
 00:41:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:41:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:42:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:42:53 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:42:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:43:11 - Votación [9:50:47]
- 00:43:31 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que reverta de forma inmediata á cidade de Vigo a débeda contraída e derivada pola non execución dos investimentos e gastos por parte dos gobernos do PP da Xunta de Galicia. Expte. Pleno 3786/1101.
- 00:43:52 - López Font, Carlos
 00:48:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:49:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:51:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:51:14 - Pérez Correa, Rubén
 00:56:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:56:27 - Egerique Mosquera, Teresa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 37 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:00:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:00:19 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:00:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:00:32 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:00:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:00:49 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:01:35 - López Font, Carlos
 01:04:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:05:10 - Votación [10:12:39]
- 01:05:58 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á creación de polo menos, dúas novas escolas infantís na cidade, así como o financiamento do custe do servizo da atención educativa e comedor das escolas municipais. Expte. Pleno 3787/1101.
- 01:06:24 - Gomez Díaz, Gorka
 01:11:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:11:31 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:13:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:13:44 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:18:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:18:36 - Bartolomé Tocino, Carlota
 01:23:18 - Gomez Díaz, Gorka
 01:26:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:26:42 - Votación [10:34:18]
- 01:26:55 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia e aos seus cargos políticos que desenvolveron unha campaña contra o Nadal de Vigo de 2022, a desculpase publicamente con esta cidade. Expte. 3788/1101.
- 01:27:15 - López Font, Carlos
 01:32:28 - Espinosa Mangana, Elena
 01:32:33 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:34:44 - Espinosa Mangana, Elena
 01:34:50 - Pérez Correa, Rubén
 01:40:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:40:08 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:45:17 - López Font, Carlos
 01:48:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:48:52 - Votación [10:56:24]
- 01:49:12 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cooperar economicamente coas obras de ampliación da Potabilizadora do Casal e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3789/1101.
- 01:54:52 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:56:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:56:53 - Pérez Correa, Rubén
 02:01:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:02:00 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:07:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:14:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:14:36 - Votación [11:22:21]
- 02:14:53 : 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 1403/1102 (Expte. Pleno 3780/1101)
- 02:15:00 : 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 1404/1102 (Expte. Pleno 3779/1101)
- 02:15:08 : 11. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 38 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- auditar as instalacións, aclarar as circunstancias das mortes de animais no VigoZoo e transformalo nun parque educativo e de lecer para a infancia e a mocidade. Expte. Pleno 3782/1101.
- 02:15:30 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 02:21:00 - Espinosa Mangana, Elena
 - 02:21:05 - Pérez Iglesias, Xabier
 - 02:23:14 - Espinosa Mangana, Elena
 - 02:23:20 - Pérez Correa, Rubén
 - 02:28:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:28:36 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 - 02:33:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:34:06 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 02:34:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:34:29 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 02:37:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:37:23 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 02:37:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:37:37 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 02:38:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:38:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:38:58 - Votación [11:46:25]

 - 02:39:16 : 12. Moción do grupo municipal Mixto solicitando a creación dun observatorio da contratación no Concello de Vigo. Expte. Pleno 3784/1101.
 - 02:39:27 - Pérez Correa, Rubén
 - 02:44:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:44:45 - Pérez Iglesias, Xabier
 - 02:46:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:46:49 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 02:52:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:52:11 - Rodríguez Calviño, Patricia
 - 02:52:18 - Rodríguez Calviño, Patricia
 - 02:52:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:52:37 - Rodríguez Calviño, Patricia
 - 02:57:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:57:31 - Pérez Correa, Rubén
 - 02:58:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:58:05 - Pérez Correa, Rubén
 - 02:59:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 02:59:09 - Pérez Correa, Rubén
 - 03:00:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:00:19 - Pérez Correa, Rubén
 - 03:00:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:01:22 - Votación [12:09:03]

 - 03:01:38 : 13. Formulación de rogos.
 - 03:01:39 - Pérez Iglesias, Xabier
 - 03:02:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:02:24 - Pérez Correa, Rubén
 - 03:02:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:02:43 - Marnotes González, Jose Alfonso
 - 03:03:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

 - 03:04:07 : 14. Formulación de preguntas
 - 03:04:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 - 03:04:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:05:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:05:14 - Méndez Fuentes, Oriana
 - 03:05:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 - 03:05:38 - Marnotes González, Jose Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 39 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

03:05:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:05:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e doce minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 5/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

Javier Pardo Espiñeira

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2023 13:37	Páxina 40 de 40
3811-1101	CSV: ACA122-36D231-EA2885-UKVZTY-9UBSWJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		